

Parte da proba acceso: substitutiva do requisito de titulación: bacharelato

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación de bacharelato para acceder ás Ensinanzas Artísticas Superiores convocada pola Resolución do 29 de abril de 2019, DOG 13 de maio.

Materia: Lingua galega e literatura

Grao	Superior	
Data	17 de xuño de 2019	
Alumno/a		DNI:
Cualificación		

INSTRUCCIÓNS

Formato

A proba está composta por 14 preguntas distribuídas da seguinte forma.

- Primeiro bloque: tres cuestións relacionadas cun texto.
- Segundo bloque: unha cuestión de expresión escrita.
- Terceiro bloque: dez cuestións tipo test. Cumprirá elixir unha única resposta correcta para cada pregunta e sinalala na táboa de solucións ás preguntas.

Puntuación

- 1 punto por cada pregunta referida ao texto.
- 2 puntos polo exercicio de redacción.
- 0,50 puntos por cada pregunta tipo test (descontaranse 0,25 puntos por cada resposta errada).

Duración

O tempo estimado para responder: 60 minutos (1 hora)

Execución

As respostas ás catro primeiras cuestións realizaranse nos espazos dispostos para o efecto. As resposta á quinta cuestión (tipo test) deberán trasladarse ás cuadrículas da derradeira páxina.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.



Texto:

A lóxica abstemia da literatura actual

*Xa ninguén escribe borracho. O alcohol volveuse unha **brétema** insuperable, un tecido de formigón incluso para a literatura, especialista en penetrar en calquera curruncho*

Non casan. Ocorre como cando Karl Kraus dicía que con xente que usaba o termo «efectivamente» non se trataba. Escritor e alcohol evitan coincidir en horas de oficina. Non é que os escritores non beban. Ha ha ha. Claro que beben. Sempre beberán. É bo que beban. Non esquezamos que as grandes atrocidades da historia foron perpetradas por individuos sobrios e, principalmente, **abstemios**. Algunhas das cousas máis encantadoras foron ofertadas ao mundo, **porén**, por persoas que, nun momento dado, cambiaron a auga polo alcohol. Millôr Fernández, cando o convidaron a dicir algo a favor do alcoholismo, afirmou que nunca vira cen mil borrachos dun país que quixeran acabar con cen mil borrachos doutro país.

Ata hai nada, os autores bebían e, como non había tempo que perder, ao mesmo tempo escribían. Ou ao revés. Iso dependía dos gustos. As cousas cambiaron. Agora, cando un novelista ou un poeta bebe ata emborracharse, ten que deixar pasar as horas, senón os días, antes de regresar ao texto. Esa é a gran diferenza. Quizá só sexa un pequeno cambio, pero a literatura está chea de pequenos cambios que a transformaron para sempre.

Poderíamos facer contas do patrimonio cultural que a humanidade tería perdido sen algunhas borracheiras memorables. Homero ou Cátulo, para empezar por orde, parécenlle un bo inicio? Se non queremos ir tan lonxe, arranquemos no século XIX. Aí teñen a Dostoievski. Bebedor consumado de vodka e fillo de alcohólico, del abonda dicir que se propuxo redactar un panfleto antialcohólico, e non sabendo nin por onde comezar, acabou escribindo "Crime e castigo". No mesmo século, pero en Irlanda, descubrimos a W. B. Yeats, Bernard Shaw ou Oscar Wilde, e en Francia, a Verlaine, Rimbaud ou Baudelaire, que non vivía sen o seu licor de asente. A lista de escritores que bebían e escribían simultaneamente, sen deixar de ser xeniais, enriquecese canto máis se consolida o proceso de industrialización. [...] Fíxese que a estas alturas aínda non puxemos os pés en España ou Galicia.

Moitos destes autores, e outros, non escribirían as cousas **memorables** que escribiron de non ter sido pola botella. Bebían ata caeren desmaiados, como buscando unha resaca que tamén propiciaría lucidez. Bebían en todo momento, para escribir en calquera situación. Todo á vez, nunha mestura perfecta, sen orde, nun fermoso caos que conducía a destrución e á inmortalidade. Abúrreme citar a Faulkner porque sempre se cita a Faulkner, pero creo que a súa lóxica narrativa, as súas imaxes, están facilitadas en boa medida polo alcohol. Sen el, non habería Faulkner. Non, en todo caso, este Faulkner. E como Faulkner, outros moitos. Hoxe, en cambio, a dialéctica literaria é abstemia, frugal, morna.

Lamentablemente, non sei que significa isto...

Juan Tallón. Galicia Confidencial [adaptado para esta proba]



- 3. Defina brevemente o significado dos seguintes termos que aparecen no texto (lembre que se lle pide dar definicións, non só sinónimos).
 - *brétema:*

 - *abstemio:*

 - *porén:*

 - *memorable*

- 4. Escriba un texto, para engadir como opinión propia ao artigo de prensa anterior. (12 liñas aproximadamente).



- 5. Indique a resposta correcta na táboa da derradeira páxina desta proba:
 1. Cal destas secuencias reproduce o pretérito de subxuntivo do verbo producir?
 - A Produza, produzas, produza, produzamos, produzades, produzan.
 - B Producise, producises, producise, producísemos, producísedes, producisen.
 - C Producirei, producirás, producirá, produciremos, produciredes, producirán.
 2. En cal destas secuencias hai unha perífrase verbal?
 - A Non me gusta comer patacas.
 - B Xa comín todas as patacas.
 - C Non dou acabado de comer as patacas.
 3. No segundo parágrafo do texto hai un erro; cal é?
 - A Onde pon "diferencia" debía pór "diferenza".
 - B Onde pon "ata" debía pór "hata".
 - C Onde pon "ao revés" debía pór "do ribés".
 4. A palabra "lamentablemente" (derradeiro parágrafo) non leva acento porque...
 - A Porque é un adxectivo rematado en "mente".
 - B Porque ás palabras compostas non se lles pon acento.
 - C Porque é grave rematada en vogal.
 5. "Inmortalidade" é unha palabra:
 - A Simple.
 - B Derivada.
 - C Composta.
 6. Cal é a serie correcta?
 - A O ubre, as orixes, a suor, os servizos, licenciado.
 - B A ubre, as orixes, o suor, os servizos, licenciado.
 - C O ubre, os orixes, a suor, os servizos, licenciado.



7. A relación semántica que se establece entre *borracho* e *bébedo* é de:
- A Hiperonimia
 - B Sinonimia.
 - C Polisemia.
8. Cal destes autores é do século XIX?
- A Vicente Risco.
 - B Martín Códax.
 - C Curros Enríquez.
9. De que século lle parece que son máis propias as "cantigas de amigo"?
- A Do século XVIII.
 - B Do século VII.
 - C Do século XIII.
10. A actual normativa do galego...
- A Aprobounas o Consello da Cultura Galega, presidido por Murguía, en 1909.
 - B Ten a súa base nas normas aprobadas pola Real Academia Galega en 1982.
 - C É froito dun acordo entre a Xunta de Galicia e as Irmandades da Fala.



TÁBOA DE SOLUCIÓNS DA CUESTIÓN Nº 5 (TEST)			
Nº	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			

Nº de respostas correctas (C)	
Nº de respostas incorrectas (I)	
Puntuación do exame =	

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para acceder ás ensinanzas Artísticas Superiores convocada pola Resolución do 29 de abril de 2019, DOG 13 de maio.

Materia: Lingua galega e literatura. Solucións

TÁBOA DE SOLUCIÓNS DA CUESTIÓN Nº 5 (TEST)			
Nº	A	B	C
1		B	
2			C
3	A		
4			C
5		B	
6	A		
7		B	
8			C
9			C
10		B	